


Deza-Tabeirós

No artigo 23 do Título III Dos recursos, da organización e da calidade turísticas que se recolle na Lei de Turismo de Galicia defínense os xeodestinos turísticos como “as áreas e espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular”.

O novo mapa turístico de Galicia recolle as singularidades dos territorios, as áreas con pegada turística consolidada e abre espazos para o futuro turístico das menos desenvolvidas. Os xeodestinos son, xa que logo, unha ferramenta de planificación territorial; unha fórmula de traballo cooperativo entre administracións; unha base para determinar investimentos; a posta en valor ou creación dun destino turístico especializado; unha canle de promoción dun territorio e unha nova visión da Galicia turística.


Estes son os concellos que integran o xeodestino: A Estrada, Agolada, Cerdedo, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Ao situalos no mapa vese que isto é montaña, con partes máis baixas onde se asentan algunhas das capitais dos concellos, coa Estrada nun lugar máis chaira e outros enclaves como Dozón, construídos nas zonas altas. Diso dedúcese que a variedade é unha das características xeográficas e da paisaxe humana. Lalín exerce como núcleo xeográfico máis relevante. Destaca a zona de Zobra, unha serra ao Sur, con regatos cristalinos e algunhas aldeas xa case convertidas en recursos etnográficos.



14

Deza-Tabeirós



Deza-Tabeirós

Montaña de interior. Néboa no outono e inverno, fermosas paisaxes xélicas. As Brañas de Xestoso, no alto, conforman o primeiro espazo natural protexido. A Serra do Candán é o segundo, e, máis ao oeste, os Sobreirais do río Arnego, unha corrente que vai alimentar o encoro de Portodemouros, limítrofe entre as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. En Lalín, a Fraga de Catasós ten a declaración de Monumento Natural. Trátase dun bosque autóctono certamente non moi coñecido e, por iso mesmo, de moito máis valor xa que se atopa en óptimo estado de conservación.

Un monumento reconvertido para uso hostaleiro chama a atención: o mosteiro de Aciveiro, na parte alta da Serra do Candán. O mosteiro comezou a construírse no ano 1135 e segue a estrutura cisterciense. Se ben, cabe destacar tamén outros sete monumentos da zona distinguidos coa declaración de Ben de Interese Cultural: as igrexas de San Salvador e Santa María de Vila de Cruces; Santiago de Tabeirós na Estrada; Santa María de Abades e San Pedro de Ansemil en Silleda; así como os gravados rupestres de San Xoán de Tuiriz en Vila de Cruces e os da Pena da Carballeira en Agolada. Tanto aí como noutros puntos do xeodestino detéctase unha presenza nítida da nova cociña de autor, pero que non pode desbancar á tradicional, co porco mandando nos catro puntos cardinais e sobre todo no Entroido, unha festa popular milenaria que se celebra por todo o alto.

Como curiosidade, aínda quedan en pé algunhas alvarizas, esas construcións circulares erguidas para protexer as colmeas da gula do oso, un plantigrado moi abundante na Galicia de onte e que xa so se divisa nas terras de Lugo oriental.



Xeodestinos Deza-Tabeirós

O cocido é o eixo da gastronomía do xeodestino. Lalín non desperdicia esa oportunidade e a súa Feira do Cocido (Festa de Interese Turístico Nacional) xa é corentona e o seu espírito do Entroido revive cada ano. Tamén é moi concorrida a Festa do Gaiteiro de Soutelo, en Forcarei, que conta dende 2010 coa declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. Non lonxe, en Vila de Cruces, a Festa do Galo de Curral está considerada de Interese Turístico de Galicia, mentres que, na Estrada, outra cita declarada de Interese Turístico Internacional converteuse en polo de atracción: a Rapa das Bestas de Sabucedo, a loita milenaria entre o home e o cabalo salvaxe. Metidos en agosto é a localidade de Bandeira a que reclama a atención, coa súa Festa




da Empanada, existente desde 1974. O lacón e os melindres, en fin, son honrados como se merecen en Silleda. Mel e queixos completan o mapa gastronómico, o primeiro en Codeseda e os segundos en Vinseiro e Callobre.

Noutra orde de cousas, hai tamén celebracións relixiosas, e o verán comeza coa máis importante delas: a do Corpiño, unha mostra da devoción intensa que aínda existe na Galicia rural.

Como a relixión foi tamén a causa primixenia pola que os peregrinos se achegaban a poñerse de xeonllos ante os restos do Apóstolo Santiago. A medida que a guerra da Reconquista permitía ás forzas cristiás avanzar cara o sur, os pobos liberados do dominio musulmán peregrinaban seguindo unha vella vía romana reutilizada ao longo dos tempos. Así entraban en Galicia por Ourense e cruzaban as terras deste xeodestino. Era e é o Camiño do Sueste-Vía da Prata.

Gárdasme o segredo?

DEPÓSITO LEGAL: C 2838 - 2011




Xeodestinos

- 01. Rías Altas
- 01A. Ferrolterra
- 01B. A Coruña e As Mariñas
- 02. Costa da Morte
- 03. Terras de Santiago
- 04. Mariña Lucense
- 05. Lugo e a Terra Chá
- 06. Ancares-Courel
- 07. Ribeira Sacra
- 08. O Ribeiro
- 09. Terras de Ourense e Allariz
- 10. Celanova-Limia
- 11. Verín-Viana
- 12. Manzaneda-Trevinca
- 13. Rías Baixas
- 13A. Ría Muros e Noia
- 13B. Ría de Arousa
- 13C. Ría e Terras de Pontevedra
- 13D. Ría de Vigo e Baixo Miño

14

Deza-Tabeirós



Deza
Tabeirós

Xeodestinos



XUNTA DE GALICIA